



Planta dun forno de cal
modificada dun debuxo
de Xaquín Lorenzo "Xocas".

o forno de cal Santo Adrán de Cobres

nde vive a historia das persoas que non idearon as batallas, reinaron as terras ou bendiciron o mundo? Esa historia, moitas veces ausente dos libros, habita na memoria, tantas veces calada, das persoas do común. A memoria que se verbaliza en forma de relato cosido co fío da conversa. O traballo cotián no forno de cal de Santo Adrán non deixou máis pegada que as lembranzas das persoas que nel traballaron.

Con curiosidade, destreza e moito de inxenuidade, o alumnado do Toural conseguiu entrevistar case unha decena de persoas que pasaran polo forno. Nun exercicio de arqueoloxía da memoria, foron recompilando diferentes informacións sobre as condicións de traballo no forno. Informacións que non se atopan máis que na oralidade dos que viviron eses tempos.

Con destreza científica, ese mesmo alumnado contrastou as diferentes versións e puido construír a historia dos días e as horas de traballo na caleira. Comprenderon que a historia oral é o instrumento que nos permite sumar as memorias particulares para construírmos a historia colectiva.



Alumnado de 2º de ESO traballando
coas entrevistas, curso 2018-2019.



Benedicto "Tito" Pequeño
González, traballador da
caleira (1956-1965) na súa
casa de Domaio, Moaña,
o 9 de novembro de 2019.
Na imaxe do fondo, Tito á
idade de 22 anos, tapando
o cal con terrallo no cumio do
forno de Santo Adrán. 1960.



METODOLOXÍA

Para determinar as condicións laborais no forno de cal de Santo Adrán, aproximámonos ás persoas que traballaron alí, establecendo unha metodoloxía baseada nos seguintes aspectos:

A SELECCIÓN DOS/AS INFORMANTES.

Falouse con persoas que traballaron na caleira independentemente da importancia da súa actividade e da época na que traballaron. Recolléronse testemuños de familiares, veciñanza ou persoas próximas, xa que ás veces, debido ao avanzado da súa idade, estas persoas non estaban en condicións de proporcionar determinados datos.

OS MEDIOS UTILIZADOS NA RECOLLIDA.

A información obtida foi recollida en entrevistas gravadas, escritas e telefónicas. Os testemuños contan con contradicións, algunhas incoherencias, mesmo relatos marcados polo interese ou conveniencia das persoas entrevistadas, é dicir, aspectos non recordados ou conscientemente esquecidos dende a perspectiva actual. Esta é unha característica esencial das fontes orais: a coexistencia dos dous tempos no relato; o tempo pasado que está narrándose, ao que corresponden os recordos, e o tempo actual, no que se desenvolve a entrevista.

O TRATAMENTO POSTERIOR DO TESTEMUÑO.

O traballo na escola consistiu na revisión, nas aulas de 2º da ESO na materia de Historia, das entrevistas feitas polo alumnado no curso 2017-2018. Dende o Museo Etnolóxico complementamos a información cunha serie de novas entrevistas que nos permitiron establecer ítems para definir as condicións de traballo na caleira. O importante para a institución foi o incremento do fondo de arquivo, destinado a ser interpretado con posterioridade.



Xuntanza no CPI do Tournal o 28 de maio de 2019. Arriba, Manolo de Pío V, traballador do forno de cal e o seu irmán, José Martínez, informante. Abaixo, Ana Palmeiro e Isabel Fernández, traballadoras da caleira.



Victoria Rosendo Calvar (Vitoria de Fuentes), traballadora da caleira (1952-1959) na súa casa de Nores, Vilaboa, o 29 de xullo de 2019.



Alejandro Otero, traballador da caleira (1946-1954) no interior do forno no ano 2000.

